<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 45406**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé, sobre **"o modelo de transporte público por estrada en Galicia, a súa adecuación ás necesidades da poboación e as medidas para fomentalo mediante unha tarifa plana como a "Tarxeta 30 Toda Galicia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O Plan de Transporte Público de Galicia supón unha mellora continua do transporte interurbano, xa que está en permanente adaptacións ás necesidades cambiantes dos usuarios e presta, ademais, un servizo moderno e de calidade.

O Goberno galego fomenta o uso do autobús por parte da cidadanía principalmente a través de dúas vías, por medio do abaratamento das tarifas que pagan os usuarios e por medio da mellora continua da oferta de servizos dispoñibles".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/03/2026 19:12:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 52528
Data envío: 04/03/2026 19:12:53.716

CSV: BOPGDSPG-vLMfhqcvr-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 45533**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, don Aitor Bouza Manso e dona Paloma Castro Rey, sobre **"as denuncias presentadas por UXT ante as deficiencias persistentes no Xulgado de Violencia sobre a Muller de Santiago de Compostela, así como os prazos para a súa corrección e as garantías previstas pola Xunta de Galicia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O sindicato UGT presentou dous escritos sobre a situación do Xulgado de Violencia sobre a Muller de Santiago de Compostela, o 7 de xaneiro e o 20 de xaneiro.

O persoal de reforzo non dispoñía dos accesos necesarios para o desempeño das súas funcións porque o Ministerio de Xustiza non activara as aplicacións informáticas precisas.

E en canto a formación, a maioría dos funcionarios destinados en esta oficina teñen experiencia nas aplicacións informáticas, non obstante recibiron sesións e asesoramento por parte da Amtega.

O Goberno galego ofrece todas as garantías para o bo funcionamento do xulgado sempre e cando o Ministerio de Xustiza cumpra coas súas obrigas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/03/2026 19:12:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 52527
Data envío: 04/03/2026 19:12:47,322

CSV: BOPGDSPG-vLMfhqcvr-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 45845**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Lara Méndez López, don Carlos López Font e don Aitor Bouza Manso, sobre **"se a Xunta de Galicia prevé retomar a Vía de Alta Capacidade-Norte de Viveiro, actualizando os estudos técnicos, ambientais e económicos para garantir a súa viabilidade e avaliar o impacto da súa exclusión no PXOM de Viveiro"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Na Xunta mantemos un firme compromiso cunha Galicia máis vertebrada, cohesionada e segura. Por iso dispomos de orzamentos aprobados que nos permiten actuar con rigor e planificación, e en 2026 mobilizaremos 263 millóns de euros en materia de infraestruturas. Máis de 57 millóns destinarémolos a incrementar as Vías de Altas Prestacións e variantes, e 71,6 millóns á conservación e mellora da rede autonómica, un investimento histórico que reforza o noso traballo.

A Mariña lucense é unha das prioridades. Foi este Goberno quen puxo en servizo infraestruturas fundamentais como a Variante de Ortigueira (2013) ou o tramo Celeiro-San Cibrao (2017), que suman 16,3 km e preto de 100 millóns de investimento. Son obras que xa melloran a seguridade, reducen tempos e transforman a mobilidade da zona.

En coherencia cos acordos adoptados cos alcaldes de Ferrolterra, Ortegal e A Mariña, seguimos avanzando na mellora integral da AC-862, entre Ferrol e O Vicedo. Rematamos xa a primeira fase, entre San Sadurniño e O Campo do Hospital, cun investimento de 7 millóns, e temos en marcha a segunda fase, ata Ponte Mera, por 7,5 millóns máis. Tamén completamos actuacións na AC-566, entre Valdoviño e Cedeira, e na AC-100 e AC-110, en Mañón e As Somozas.

Igualmente estamos a transformar a LU-540 entre Viveiro e Ourel, cun investimento de 8,2 millóns, e xa traballamos no proxecto do treito ata Cabreiros (Xermade), con 6,8 millóns máis. En total, destinamos 15 millóns a esta vía clave e 40 millóns ao conxunto da costa norte, garantindo melloras nas infraestruturas visibles e inmediatas.

O proxecto máis estratéxico que estamos a impulsar é a Variante de Viveiro. Apostamos por unha solución realista, viable e consensuada, cun orzamento de 38 millóns e un trazado inicial de 6 km que desviará ata o 60% do tráfico do casco urbano, especialmente o pesado.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



A variante estrutúrase en dous sectores —Oeste e Este— este último no que xa estamos a traballar e que inclúe dous grandes viadutos: un de 503 metros en Celeiro e outro de 130 metros en Rego Fontecoba. É unha resposta directa ás demandas da cidadanía e un avance decisivo para a competitividade da Mariña.

En contraste coa nosa planificación, a autovía estatal A-74 continúa sen un só quilómetro en servizo nin previsión de execución. Sorprende que na pregunta se eluda comentar nada ao respecto.

A comprometida Autovía da Mariña, A-74, competencia do Goberno do Estado, é esencial para unir o tramo executado pola Xunta, Barreiros e San Cibrao e conectar coa actual Autovía do Cantábrico (A-8). Non está na vontade do Goberno Sánchez executala, os tramos previstos levan anos acumulando atrasos, con estudos informativos e proxectos que non terminan de concretarse.

En resumo, tal e como expuxo a conselleira de vivenda en sesión plenaria desta Cámara o pasado 25 de febreiro, con motivo da resposta oral ás preguntas co número de rexistro 45843 e 44869, o Goberno galego segue a traballar na mellora da mobilidade da Costa Norte de Galicia con planificación e resultados.

Intervención íntegra ao seu dispor na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/TH9QKIFq2LWfGcQF31QJtQw2dXFFsWYX77wBELLKyvcN2bmP>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/03/2026 10:14:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 10:14:09
Nº Rexistro: 52099
Data envío: 02/03/2026 10:14:09.440

CSV: BOPGDSPG-vLMfhqcvr-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 45959**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Manga, sobre **"o modelo de coidados destinados ás persoas maiores que ten deseñado a Consellería de Asuntos Sociais de cara aos vindeiros dez anos"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A conselleira de Política Social e Igualdade respondeu a unha interpelación con número de rexistro 45956, en sesión plenaria do día 11 de febreiro do 2026, sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario.

Pode accederse á súa resposta na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YjdhNzQ4NmMtN2FjZC00YmYyLTk4OTUtYmM5OWM2ZWl0M2Y3&start=8934.959>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/03/2026 10:13:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 10:13:59
Nº Rexistro: 52098
Data envío: 02/03/2026 10:13:59.564

CSV: BOPGDSPG-vLMfhqcvr-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 46190**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"se a Xunta de Galicia prevé modificar os requisitos de acceso á prestación periódica para mulleres vítimas de violencia de xénero, así como a xustificación que fai dos requisitos de nacionalidade e residencia e os seus efectos"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A prestación periódica é unha axuda económica individual, de carácter periódico, de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero, establecidas no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

A finalidade destas axudas é proporcionarlles apoio económico ás mulleres que sofren violencia de xénero para garantirlles unhas condicións suficientes de independencia económica respecto do seu agresor, ou da persoa que mantivese sobre ela unha relación de dominación para os casos das mulleres vítimas de trata con fin de explotación sexual e/o explotación sexual, e para tentar axudalas a romper coa situación de violencia, dominación e/o explotación que lles posibilite dar o primeiro paso ou consolidar a ruptura dunha situación en que corren perigo.

Segundo establece a Orde do 10 de decembro de 2025, uns dos requisitos para a súa concesión é que a vítima ten que estar empadroada e ter residencia efectiva na Comunidade Autónoma de Galicia. Ademais, no caso de mulleres estranxeiras, ter residencia legal en España.

Este requisito ten como finalidade que a vítima de violencia posúa algunha vinculación con Galicia xa sexa económica, laboral ou familiar, evitando así posibles duplicidades con outras axudas, polo mesmo concepto, que puidera percibir doutras comunidades".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/03/2026 13:46:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 13:46:40
Nº Rexistro: 52144
Data envío: 02/03/2026 13:46:40,712

CSV: BOPGDSPG-vLMfhqcvr-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 46196**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a xustificación da baixa execución da partida 313D para protección ás mulleres vítimas de violencia de xénero, os criterios que motivaron a redución das campañas de prevención e as medidas e mecanismos de avaliación previstos para garantir unha xestión orzamentaria máis eficaz e transparente"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A partida orzamentaria 313D atende a todas as partidas da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, e non a unha concreta e determinada. É dicir, todos os importes económicos que se destinan a políticas de violencia de xénero levan a numeración 313D.

O orzamento desta Dirección estase executando con plena normalidade e con alto grado de execución.

Por outra banda, resulta incerto que se houberan diminuído as campañas de prevención e sensibilización. De feito, e respecto ao ámbito educativo, dende o ano 2014 as campañas aumentaron un 36%. Entre elas, destacan: a campaña agresión OFF, o protocolo de ocio nocturno, puxemos en marcha campañas de sensibilización contra a violencia de xénero a pe das rúas, puntos lila, campañas permanentes de prevención e sensibilización contra a violencia de xénero nos concellos, dinamizamos as mesas locais de coordinación interinstitucional, creamos un novo recurso educativo con vítimas reais que prestan a súa experiencia e relato nos centros de educación.

Eses son algúns dos exemplos que demostran que as políticas de prevención, sensibilización, e detección contra a violencia de xénero son unha prioridade para o Goberno galego".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/03/2026 13:45:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 13:46:00
Nº Rexistro: 52143
Data envío: 02/03/2026 13:46:00,288

CSV: BOPGDSPG-vLMfhqcvr-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 46485**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia de atender a solicitude do Concello de Noia de priorizar o financiamento para a construción dun centro de día público para persoas maiores"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A rede de centros de día dependentes da Xunta de Galicia que xestiona o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar teñen dende sempre un ámbito comarcal ou supramunicipal, para dar servizo a usuarios de varios concellos.

Neste senso, na zona de Noia e o seu entorno, existen Centros de Día localizados nos concellos de Outes, Rois, Muros, Dodro, e tamén Boiro e A Pobra na comarca do Barbanza.

Asemade, existen tamén nesas comarcas centros de día municipais como Lousame e Porto do Son, ou xestionados por entidades privadas ou de iniciativa social para os cales a Xunta de Galicia colabora cos seus usuarios a través das libranzas vinculadas, que permiten a eses usuarios acudir ao centro de día da súa elección.

Por outro lado, a Xunta de Galicia a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar asinou un acordo marco coa FEGAMP en marzo de 2022 a través do cal puxo a disposición dos concellos galegos un Plan de investimentos para a construción, reforma ou ampliación de equipamentos sociais de titularidade municipal, dotado cun importe total de 18,5 millóns de euros procedentes dos fondos europeos do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia (programa Next Generation UE).

A ese plan presentáronse numerosos concellos que consideraban necesaria a construción de residencias ou centros de día no seu municipio.

O concello Noia foi un dos que presentou unha proposta de construción dun centro de día de titularidade municipal, pero non resultou seleccionado pola comisión mixta creada entre a FEGAMP e o propio Consorcio en virtude dos criterios de prioridade que se establecían no plan.

A día de hoxe, nos orzamentos de 2026 non existe previsión orzamentaria para a construción dun centro de día no concello de Noia".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/03/2026 19:12:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 52526
Data envío: 04/03/2026 19:12:41.438

CSV: BOPGDSPG-vLMfhqcvr-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 46514**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, sobre **"os atrasos na adxudicación e posta en marcha dos Centros de Información á Muller móbiles, a falta de consulta cos concellos e organismos de igualdade e a súa previsión de funcionamento"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Galicia xa conta con catro Centros de Información á Muller (CIMs) móbiles que percorren a xeografía galega e que están en funcionamento dende o pasado 9 de febreiro.

Os CIM son recursos destinados a informar e asesorar á cidadanía sobre calquera cuestión relativa á promoción da igualdade, combater a violencia de xénero ou rachar cos estereotipos e roles machistas. Por iso, grazas a estes novos catro CIMs móbiles reforzamos o traballo que vimos facendo nos últimos anos, levando estes servizos ás zonas rurais e aos campus universitarios.

Xunto aos os 84 CIMs que dan servizo a 200 concellos, estes servizos non son exclusivos para as vítimas da violencia machista, son espazos abertos a toda a cidadanía para concienciar, sensibilizar, acompañar e dialogar.

É importante destacar que a través de este recurso tamén se crearán canles de comunicación e colaboración con outros axentes presentes no territorio que poidan ser de interese para o desenvolvemento das funcións de información, sensibilización, e prestación de servizo no eido da violencia de xénero.

Neste sentido, a Xunta aposta de xeito claro e firme pola prevención e a sensibilización contra o machismo e a violencia de xénero, porque só a través da información se pode avanzar nunha sociedade máis igualitaria e para iso é fundamental contar coa implicación de toda a cidadanía, é cousa de todos e todas. De aí a importancia destes recursos que chegarán aos puntos nos que, nestes momentos, é máis complicado e, á vez, máis necesario achegar este tipo de servizos".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/03/2026 13:45:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 13:45:18
Nº Rexistro: 52142
Data envío: 02/03/2026 13:45:18.356

CSV: BOPGDSPG-vLMfhqcvr-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 46942**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"a previsión do Goberno galego de resolver os problemas da poboación dependente, abordando o reto demográfico e a precariedade feminina nos seus coidados, de cara aos vindeiros dez anos"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A conselleira de Política Social e Igualdade respondeu a unha interpelación con número de rexistro 45956, en sesión plenaria do día 11 de febreiro do 2026, sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario.

Pode accederse á súa resposta na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YjdhNzQ4NmMtN2FjZC00YmYyLTk4OTUtYmM5OWM2ZWl0M2Y3&start=8934.959>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/03/2026 13:45:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 13:45:12
Nº Rexistro: 52141
Data envío: 02/03/2026 13:45:12.147

CSV: BOPGDSPG-vLMfhqcvr-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 47883**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Oscar Insua Lema, sobre **"a periodicidade e resultados das inspeccións da Autovía AG-55 de Carballo á Coruña, a actuación da Axencia Galega de Infraestruturas, o estado de conservación e seguridade da vía, os accidentes rexistrados, as penalizacións aplicadas e a posibilidade de rescate da súa concesión"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A autoestrada A Coruña–Carballo non só vertebra unha das zonas con maior actividade económica da provincia da Coruña, senón que constitúe unha vía principal para a mobilidade cotiá de milleiros de persoas. Precisamente por iso resulta indispensable lembrar que, malia a existencia dunha concesión administrativa que delega funcións operativas de mantemento na empresa concesionaria, a Xunta está en permanente vixilancia no que respecta ao estado dos firmes e a prevención de riscos.

recibe mensualmente información detallada do estado da vía, das actuacións realizadas e das incidencias detectadas. Este fluxo de información constitúe unha garantía fundamental para que o estado da vía responda aos estándares que esixe unha autoestrada de alta capacidade.

Esta responsabilidade reflíctese no feito de que todas as campañas de auscultación do firme, macrotextura, IRI e deflexións se realizan seguindo cronogramas definidos e coñecidos pola Administración, que supervisa non só os resultados, senón tamén a planificación plurianual que garante a continuidade do proceso. As campañas de 2022 e 2024, así como a xa programada para 2026, demostran unha dinámica non improvisada, que se anticipa aos ciclos naturais de deterioro.

No mesmo sentido, as inspeccións principais das estruturas cada cinco anos acreditan unha xestión sometida a control público rigoroso, que valida non só a realización técnica dos traballos, senón o cumprimento dos prazos e dos procedementos establecidos. A revisión sistemática da valla de peche, elemento esencial para evitar a entrada de animais e reducir riscos, intégrase tamén neste sistema de supervisión.

Durante os últimos meses do ano 2025, a modo de exemplo, desenvolvéronse actuacións de conservación ordinaria ao longo da infraestrutura, centradas na revisión e mantemento dos sistemas de drenaxe, sinalización vertical e elementos de balizamento. Así mesmo, realizáronse tarefas de reposición e reparación en barreiras metálicas de seguridade e na valla de peche, así como intervencións nas instalacións de enerxía, iluminación, comunicación e peaxe.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Complementariamente, leváronse a cabo labores periódicos de limpeza da autoestrada, incluíndo o baleirado de papeleiras, a recollida de residuos en bermas, beiravías e praias de peaxe, así como a varredura manual de arcéns.

Nos edificios asociados executáronse revisións de fontanería e sistemas de cloración, ademais de pequenas reparacións eléctricas e tarefas auxiliares de traslado de equipos e revisión de maquinaria.

No ámbito da conservación extraordinaria, efectuáronse traballos de eliminación de vexetación no marco da campaña correspondente, que incluíron labores de poda e tala de árbores, así como de roza mecanizada. Estas actuacións tiveron como finalidade garantir as condicións adecuadas de visibilidade, seguridade viaria e mantemento das marxes da infraestrutura.

A AG-55, como parte da rede autonómica concesionada, atópase suxeita a este conxunto integral de actuacións e dispositivos, que permiten garantir un mantemento continuo, unha resposta inmediata ante emerxencias e un operativo específico orientado a preservar, en todo momento, a seguridade das persoas usuarias e a adecuada prestación do servizo público viario.

A Xunta está a exercer adecuadamente o papel que lle corresponde, garantido que a concesionaria traballe baixo un marco de supervisión clara e consistente. Esa é a esencia dun servizo público protexido e dunha infraestrutura coidada”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/03/2026 13:44:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 13:45:01
Nº Rexistro: 52140
Data envío: 02/03/2026 13:45:01.066

CSV: BOPGDSPG-vLMfhqcvr-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 48317**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez, sobre **"a proposta estatal de creación de unidades xudiciais en Galicia para 2026 e a posición da Xunta de Galicia ao respecto, así como os criterios territoriais aplicados, a extensión das seccións de violencia sobre a muller e o incremento de persoal previsto nestes órganos"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego entende que a carga de traballo non pode ser criterio suficiente para a creación de novas prazas xudiciais, senón que debe terse en conta o módulo de entrada de asuntos xudiciais, así como a proporcionalidade co número poboación. Non é comprensible que das cincocentas novas prazas xudiciais previstas polo Goberno central, á Comunidade Autónoma de Galicia só lle correspondan dezanove. Un 3,9% que non se corresponden cunha mínima regra proporcional de poboación, nin se axusta aos módulos de entrada de asuntos xudiciais.

Así, o Goberno galego amosou o seu desacordo co número de prazas adxudicadas por entender que son insuficientes e non se axustan as necesidades reais de Galicia. Trasladou, ademais, a necesidade urxente de crear novas prazas nos tribunais de instancia de Pontevedra (Sección civil), Ribeira (Sección civil e penal); Viveiro (Sección civil e penal); Vilagarcía de Arousa (Sección civil e penal); Carballo (Sección civil e penal) e Pontearreas (Sección civil e penal).

O informe incluía a proposta de Galicia, consensuada co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para axustar a distribución das 19 prazas xudiciais atribuídas.

Salientar que o Goberno central non solicitou, como é habitual, ningún informe previo polo que a única participación da Xunta neste proceso foi o escrito de informe alegacións de data de 16 de febreiro, posterior ao borrador do Real Decreto".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/03/2026 19:12:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 52525
Data envío: 04/03/2026 19:12:34.003

CSV: BOPGDSPG-vLMfhqcvr-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 48827**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e dona Ariadna Fernández González, sobre **"a aparición de humidades, filtracións e defectos construtivos no novo edificio xudicial da Estrada, a súa orixe, a corrección das deficiencias e os custos asumidos"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Cando o Goberno galego tivo coñecemento de determinadas carencias relacionadas co funcionamento ordinario das instalacións no edificio xudicial da Estrada, cuxa obra foi recepcionada o 19 de setembro de 2025, realizouse correspondente seguimento técnico no marco das actuacións habituais de supervisión e mantemento das infraestruturas xudiciais.

As incidencias estaban asociadas a cuestións puntuais de selado nalgunhas carpintarías e á entrada ocasional de auga coincidente con episodios meteorolóxicos adversos, polo que procedeuse ao reforzo dos elementos de selado e protección en determinados puntos do edificio, cuxo custo asumiu a empresa contratista".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/03/2026 19:12:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 52524
Data envío: 04/03/2026 19:12:22.669

CSV: BOPGDSPG-vLMfhqcvr-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 51271**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Cristina Fernández Davila, sobre **“o estado da seguridade viaria e peonil da estrada autonómica PO-261 ao seu paso pola Ermida, no concello de Covelo, e a valoración que fai a Xunta de Galicia sobre a elaboración dun estudo para abordar as intervencións necesarias”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A estrada PO-261 ten unha lonxitude total de 16,62 km, dos que o tramo situado no Concello de Covelo comprende entre os puntos quilométricos 7+570 e 16+610. Entre Mondariz e Covelo presenta unha plataforma mínima de 7 metros, reducíndose puntualmente a algo máis de 6 metros pola complexidade do terreo. Trátase ademais dun treito cun tráfico moi baixo, cunha IMD estimada en 262 vehículos/día no ano 2024. Pola contra, entre Covelo e Maceira a plataforma mínima aumenta ata os 9 metros e o tráfico elévase a arredor de 1.335 vehículos diarios no mesmo ano.

Aínda que a vía é de titularidade autonómica, nos últimos anos producíronse transferencias de pequenos treitos urbanos aos concellos de Mondariz e Covelo debido ao seu carácter máis urbano. A PO-261 comeza no enlace coa PO-252 na localidade de Mondariz e discorre polos municipios de Mondariz e Covelo ata finalizar nas proximidades de Maceira.

Nos últimos anos, a Xunta de Galicia executou diversas actuacións orientadas á mellora da seguridade e accesibilidade, incluíndo a creación de novos espazos peonís. Un exemplo é a implantación de bandas transversais de alerta nun dos cruzamentos da PO-261 para reducir a velocidade dos vehículos.

Actualmente estase redactando o proxecto de Mellora da Seguridade Viaria en varios treitos de alto potencial de mellora das estradas PO-255, PO-261, PO-315, PO-531, PO-542 e PO-551, cun investimento global previsto de 1,42 millóns de euros. No caso da PO-261, o estudo centrarase no tramo comprendido entre os puntos 11+430 e 16+610, co obxectivo de avaliar pequenas intervencións que permitan incrementar a seguridade e reducir a sinistralidade, respondendo así ás peticións trasladadas polo Concello de Covelo.

Paralelamente, está redactado o proxecto dunha senda peonil entre os puntos 13+670 (A Ermida) e 15+895 (Maceira), deseñada co ancho mínimo accesible e sen franxa vexetal, aproveitando na medida do posible antigos treitos da estrada. Con esta actuación prevese crear máis de 2 km de senda sostible, favorecendo a mobilidade activa nunha vía esencial para o municipio e pola que circulan máis de 1.330 vehículos cada día.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



A Xunta mantén disposición a colaborar cos concellos para continuar avaliando futuras medidas de mellora da seguridade viaria e de calmado do tráfico nos puntos máis sensíbles da contorna”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/03/2026 17:48:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2026 17:48:56
Nº Rexistro: 52300
Data envío: 03/03/2026 17:48:56.158

CSV: BOPGDSPG-vLMfhqcvr-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

